

INFORME SOBRE PROXECTO ESTRATÉGICO DE INVESTIGACIÓN DE INICIATIVA PÚBLICA DUN EDIFICIO PARA CENTRO DE PROCESAMIENTO DE DATOS (XP-25-005)

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional solicita o informe previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, en relación ao Proxecto Estratéxico de Iniciativa Pública do edificio Datacenter do CESGA, no parque empresarial da Sionlla, no concello de Santiago de Compostela.

Segundo o previsto na disposición adicional sexta da *Ley 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, a aquelas iniciativas das entidades instrumentais do sector público autonómico que supoñan a implantación de infraestruturas ou instalacións dirixidas á investigación e á aplicación da computación e comunicacións de altas prestacións, como é o caso do proxecto que se achega, así como, en xeral, doutros recursos facilitadores das tecnoloxías da información e da comunicación, seralles de aplicación o procedemento de declaración e de aprobación e efectos establecidos para os proxectos industriais estratéxicos do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo *Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

En cumprimento do previsto no dito artigo 80.5 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, en relación cos artigos 2 e 8 do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, corresponde elevar o “Proxecto Estratéxico de Investigación de Iniciativa Pública: Edificio Datacenter do CESGA”, no concello de Santiago de Compostela, para informe do dito órgano consultivo, con carácter previo á súa aprobación polo Consello da Xunta.

Unha vez analizada a documentación achegada e vista a proposta subscrita pola Subdirección xeral de Urbanismo e a Subdirección xeral de apoio xurídico e xestión económica, emítese o seguinte informe:

1. ANTECEDENTES

1.1. O 18.06.2025 o CESGA solicitou á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a declaración como proxecto estratéxico de investigación de iniciativa pública do proxecto de construción do novo datacenter.

Xunto coa solicitude, a entidade instrumental do sector público promotora achega memoria xustificativa dos requisitos establecidos no artigo 78 bis do *Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, de conformidade co establecido pola *Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*.

1.2. Dacordo co disposto no artigo 79.2 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, o 27.06.2025 a Dirección



xeral de Urbanismo emitiu informe favorable sobre a coherencia da actuación proxectada e as determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio vixentes no ámbito.

1.3. De conformidade co artigo indicado, o 18.06.2025 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional solicitou informe ao concello de Santiago de Compostela. Transcorrido o prazo de 15 días previstos na normativa, o Concello de Santiago non emitiu informe nin alegacións ao proxecto remitido.

1.4. Con respecto ao encadre do proxecto no ámbito da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, segundo a documentación achegada o proxecto non está incluído no seu ámbito de aplicación nen sometido ao trámite de autorización ambiental integrada.

1.5. Dacordo co artigo 80.3 do citado texto refundido, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 151, do 8 de agosto de 2025) o Anuncio do 05.08.2025 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, polo que se someteu a información pública o proxecto. A documentación técnica antes sinalada estivo dispoñible para a súa consulta pública polo tempo legalmente establecido.

Durante ese prazo non se presentaron alegacións, segundo o certificado do resultado da información pública da Secretaría xeral técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Investigación do 29.09.2025.

Segundo consta no expediente tramitado, pola natureza do proxecto non é preceptiva a petición de informes a órganos sectoriais afectados, ao non precisarse autorización sectorial ou tramitación ambiental (artigo 80.4).

Asemade, tamén consta no expediente a declaración polo Consello da Xunta como Proxecto Estratéxico de Investigación de Iniciativa Pública do proxecto de construción do novo datacenter da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia, a proposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En relación ao procedemento de aprobación do proxecto previsto no artigo 80 do *Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, deben terse en conta os seguintes extremos relativos á tramitación que no mesmo se contempla:

- No expediente consta toda a documentación exixida pola normativa aplicable, en virtude das exixencias legais derivadas da instalación e das infraestruturas proxectadas (artigo 80.1), sen que se producisen dende a súa presentación modificacións sobre o proxecto (artigo 80.1.a); tampouco resultan necesarios "*actos de control integrados no procedemento*" (80.1.b); consta presentada a memoria descritiva detallada das características técnicas das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do proxecto (80.1.c); está garantida a adecuada conexión cos sistemas xerais exteriores existentes e demais requisitos exixidos no artigo 80.1.d); non resulta preciso un documento ambiental para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na *Lei 21/2013, do 9 de decembro* (artigo 80.1.e); e non é precisa a elaboración dunha relación detallada de bens e dereitos afectados, a efectos de expropiación forzosa (80.1.f).

- Así mesmo e como xa se indicou anteriormente, o proxecto de execución someteuse a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a súa publicación no



«Diario Oficial de Galicia», sen que se presentasen alegacións (artigo 80.3) e, dende ese momento, non foi obxecto de ningunha modificación posterior.

- Tal e como se indicou, pola natureza do proxecto non é preceptiva a petición de informes a órganos sectoriais afectados, ao non precisarse autorización sectorial ou tramitación ambiental (artigo 80.4).

- Finalmente, consta solicitado informe ao Concello de Santiago de Compostela, sen que se efectuasen observacións ou alegacións ao proxecto.

1.6. O 14.10.2025 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, remite solicitude de informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ao abeiro do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*.

1.7. Segundo consta no informe do 14.10.2025 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a tramitación do expediente como Proxecto Estratéxico de Investigación de Iniciativa Pública realizouse conforme ao establecido nos artigos 78, 78bis, 79, 80-90 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, en relación coa disposición adicional sexta da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola que crea a figura dos ditos proxectos.

2. OBXECTO DO PROXECTO

2.1. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) está desenvolvendo un ambicioso proxecto para crear un novo Centro de Procesamento de Datos de vangarda. O novo edificio Datacenter debe estar preparado para aloxar os superordenadores, sistemas de almacenamento de datos e infraestruturas de computación cuántica do CESGA que forman parte do proxecto global do CESGA no "Plan Estratéxico da ICTS distribuída RES 2021-2024" financiados no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Contribuirá ao fortalecemento das capacidades do sistema de I+D+i e ao impulso da transformación dixital propiciado polo instrumento de recuperación temporal NextGenerationEU amparado polo Real Decreto 714/2024, e a orde ministerial 23 de setembro de 2024", pero o seu deseño debe servir para as futuras infraestruturas do CESGA para os próximos anos.

2.2. Actúase na parcela con referencia catastral 0507721NH4500F0000BG, situada no Parque empresarial de A Sionlla. Trátase dun solar de forma paralelepípeda rectangular irregular, que abarca unha superficie de 9.178,00 m². A parcela ten unha topografía maiormente plana.





Fotos aéreas da parcela

2.3. O edificio desenvolve unha forma exterior xenérica rectangular de 99,50 m (incluíndo o patio de instalacións traseiro) x 39,70 m, con eixe lonxitudinal paralelo ao eixe lonxitudinal da parcela. Oriéntase polo tanto tamén no eixe SE-NO. Dispónse apoiado sobre o costado NO, a 5 metros dese límite de parcela (recuamento lateral obrigatorio de 5 m). Respecto da rúa, sepárase os 10 m normativos, colocándose paralelo á mesma. A distancia que queda polo tanto respecto do lindeiro lateral SE é de 25,70 m e ao fondo esa distancia é variable, cunha mínima de 10,95 m.

2.4. O programa organízase seguindo unha tipoloxía claustral (corredor en forma de anel) e unha planta rectangular de 39,70 m x 58,35 m. Dispóñense tres cruxías no sentido lonxitudinal, de 9.10 m., 21.70 m e 9.10 m respectivamente, mentres que no sentido transversal o módulo estrutural é de 7,20m. As cruxías laterais teñen menor altura e incorporan os corredores principais, que distribúen secuencialmente as salas técnicas e dan acceso a cruxía central. Esta alberga as salas clave da proposta, as salas IT (Data hall, cuántico, HPC). Para salientar a devandita importancia (e obviamente polas necesidades técnicas derivadas de cubrir a luz de 21,70 m) a altura desta cruxía é maior, e está cuberta cun plano inclinado a unha auga, visible desde o interior. Esta cruxía central, cando se chega ao ámbito representativo, convértese en patio que articula todas as funcións e as circulacións. Este patio ilumina, xera relacións visuais pasantes e filtra sen pechar as transicións entre a parte representativa e a técnica.

Trátase, polo tanto, dun programa de dobre natureza: por unha banda, unha serie de espazos técnicos que albergan as salas de Procesamento de Datos, HPC e ordenador cuántico (IT), as súas salas auxiliares asociadas e os espazos de traballo especializados: laboratorios e oficinas. Doutra banda, a parte máis aberta e representativa, vinculada ao acceso principal peonil desde a rúa, que inclúe o hall, un pequeno ámbito expositivo e os seus servizos e, xa na planta superior, unha sala representativa para reunións, conferencias



e proxeccións privadas, desde a que se pode observar a sala de computación cuántica.

Previuse tamén un terceiro nivel (aproveitando a sección do plano inclinado de cuberta) para incluír un corredor lateral que discorre e permite a visualización das tres salas principais da cruxía central desde unha maior altura para xerar espazos axeitados para a presentación do centro aos visitantes.

2.5 Canto aos accesos e espazos exteriores, o edificio implántase a 10 metros do límite frontal da aliñación da rúa. O propio edificio actúa de cerramento frontal da intervención, polo que o espazo comprendido nese recuamento é de libre acceso e é tratado como unha área verde. Preténdese con isto dar máis representatividade ao proxecto e salientar o carácter aberto da intervención. O edificio dispón de dous accesos: un principal, peonil e outro rodado e de servizo. O acceso peonil principal está ben marcado, perpendicular á Rua Castela e León e transiciona ao interior a través dunha plataforma lineal paralela á mesma. O acceso rodado derívase á parte dereita do edificio, dando lugar así a unha separación física de ambos os accesos. No tratamento dos espazos exteriores priorizouse o uso do verde e das superficies permeables e incorpórase novo arboredo.



2.6 A continuación, enumérase e descríbense brevemente os espazos do programa máis importantes e defínese o seu uso a modo ilustrativo.

En Pranta Baixa (L1) / Módulo representativo, atopamos:

Hall: espazo dedicado á chegada e recepción de visitantes. Relación directa co patio.

Conserxería: espazo destinado a albergar o control de acceso e a seguridade xeral do edificio. Vinculado visualmente co hall de acceso.

Patio: vincula visualmente e ilumina os espazos abertos e representativos do proxecto. Accédese soamente desde o hall. Espazo de expansión.

Espazo representativo / expositivo: espazo destinado á exposición e presentación de elementos propios da actividade do edificio.

Núcleo de comunicacións: conformado por un ascensor con parada principal en L0 e L1 e tamén en semi-nivel L2 e unha escaleira con mesmo percorrido e paradas: 3 tramos ata L1 + 1 tramo ata L2.



Servizos públicos: espazos destinados a núcleos de baños de uso para persoal ou aberto segundo a súa localización.

Sala de mantemento: espazo destinado ao servizo de mantemento.

Sala de vixilancia exterior: espazo destinado ao servizo de vixilancia ou conserxería exterior.
Control de accesos rodados

En Pranta Baixa (L1) / Módulo técnico atopamos:

Salas de reunións: espazos destinados a reunión de coordinación do persoal e as empresas instaladoras. Vinculadas visualmente co patio.

Sala polivalente: espazos polivalentes, con uso futuro a definir.

Laboratorios polivalentes: espazos destinados a laboratorios polivalentes, con uso futuro a definir.

Laboratorios: espazos destinados ao traballo e comprobación de equipos.

Servizos privados: espazos destinados a núcleos de baños de uso para persoal.

Salas IT: Data Hall CESGA / Data Hall HPC / Salga cuántica / Sala cuántica polivalente e Sala anexa: espazos dedicados ao aloxamento de servidores físicos, racks e outros equipos esenciais para o procesamento e almacenamento de datos.

Peirao de carga: espazo destinado ao peirao carga, anexo ás salas de preinstalacións computacionais e almacén.

Sala de preinstalacións computacionais: espazo dedicado para a preparación de equipos previo á súa instalación, desembalaxe, desinstalación etc.

Almacén: espazo dedicado ao almacenamento de equipos ou outros elementos, previo á súa instalación.

Sala de lixos: espazo dedicado ao almacenamento de refugалlos.

Sala climatización: módulo exterior prefabricado, situado na área exterior anexa ao edificio destinada a equipos.

Sala extinción bombas: espazo dedicado ao posicionamento e control dos equipos e sistemas de extinción.

Sala de cadros: espazo dedicado ao posicionamento dos cadros eléctricos xenerais do edificio.


Sala Técnicos: espazo dedicado ao traballo dos técnicos de CESGA que operan o data center.

Sala Técnicos externos: espazo dedicado ao traballo dos técnicos de empresas contratadas de subministración ou servizos.

Sala monitorización: espazo dedicado á monitorización en tempo real da infraestrutura, a xestión e resposta de emerxencias.



Servizos privados: espazos destinados a núcleos de baños de uso para persoal.




Pranta baixa

En Pranta Primeira (L2):

Sala representativa: espazo para conferencias, visionados e reunións con visualización da sala de computación cuántica.

Servizos públicos: espazos destinados a núcleos de baños de uso para persoal ou aberto segundo a súa localización.




Pranta primeira

En Pranta Terceira (medio nivel): *Pasillo de control e visionado das Salas IT:* espazo para circular e visionar o interior das salas IT (Data, HPC, Cuántico) dende altura. Principalmente




para mantemento e tamén para visionado e control.

Na cuberta colocaranse algúns equipos lixeiros de climatización apoiados directamente sobre a cuberta e placas de paneis solares. Adicionalmente, proxéctase un sistema de climatización para as contornas críticas baseado en produción de auga arrefriada e distribución a unidades terminais de precisión situadas nas distintas salas. Os equipos principais de produción de frío, e os módulos de potencia que inclúen os transformadores, grupos electrógenos e UPS localízanse a nivel do solo no fondo da parcela.




Pranta terceira

Sección



Alzado frontal




2.8. Para o desenvolvemento completo do proxecto contempláronse tres fases que afectan só o equipamento técnico e á potencia eléctrica. Deste xeito fixouse unha fase inicial que

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



terá un consumo IT de 1,08 MW (inicial) e unha fase final de 3,35 MW que representará a máxima capacidade do edificio. O desenvolvemento do estado inicial ao final poderase desenvolver en varias fases tanto a nivel IT como a nivel de instalacións (refrixeración, eléctrico).

O proxecto contempla a execución da primeira fase, coa instalación do equipamento para un consumo IT de 1,08 MW, que é o que se mostra na ilustración seguinte:



3. ORZAMENTO

O orzamento para a construción da primeira etapa da Fase 1 (1.08 MW IT) ascende a 13.062.817,13 € (IVA incluído), desagregado segundo aparece na seguinte táboa:



PRESUPUESTO OBRAS	
MOVIMENTO DE TIERRAS	55.893,70
CIMENTACIÓN Y CONTENCIÓN	800.390,13
ESTRUCTURA	597.971,76
CUBIERTAS, IMPERMEABILIZACIONES Y AISLAMIENTOS	241.694,84
FACHADAS	268.921,97
TABIQUERIA	396.561,54
REVESTIMIENTOS	60.498,80
PINTURAS	39.393,82
PAVIMENTOS	347.856,51
CARPINTERIA INTERIOR	41.983,06
CARPINTERIA EXTERIOR	122.357,05
HERRAJES	19.530,76
CERRAJERIA	2.457,57
APARATOS SANITARIOS	5.893,05
INSTALACIONES	4.674.133,48
BMS	158.036,62
ACONDICIONAMIENTO EXT. Y URBANIZACION	170.633,12
SEGURIDAD Y SALUD	81.474,30
GESTIÓN DE RESIDUOS	107.994,42
CONTROL DE CALIDAD	33.674,34
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	8.227.933,45
GASTOS GENERALES (17%)	1.398.748,69
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	493.676,01
PRESUPUESTO OBRAS sin IVA	10.120.358,15
PRESUPUESTO DE SERVICIOS	
Redacción de proyecto básico, ejecución y estudio de Seguridad y Salud	613.962,25
Beneficio industrial y Gastos Generales (10%)	61.396,23
PRESUPUESTO DE SERVICIO sin IVA	675.358,48
PRESUPUESTO TOTAL DE CONTRATO (OBRAS Y SERVICIOS) sin IVA	10.795.716,63
IVA (21%)	2.267.100,50
PRESUPUESTO DE CONTRATA (inc IVA)	13.062.817,13


4. PLANEAMIENTO URBANÍSTICO

4.1. O planeamento xeral vixente no concello de Santiago de Compostela é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), con aprobación definitiva do 03/10/2007. Neste plan, o ámbito do parque empresarial da Sionlla clasificouse como solo urbanizable, en aplicación das determinacións do Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais do 2004, no que se incluíu a súa previsión como gran parque subrexional central da área funcional de Santiago de Compostela, cunha superficie de 134 Ha. Para o seu desenvolvemento, foi aprobado definitivamente o 07/06/2007 o correspondente proxecto sectorial, que constitúe o planeamento vixente neste ámbito, xunto coa súa modificación nº 1 aprobada definitivamente o 18/03/2021. Na actualidade, trátase dun parque empresarial xa urbanizado e parcialmente ocupado pola edificación, correspondendo aplicar ao seu ámbito o réxime do solo urbano consolidado.

4.2. A parcela na que se sitúa o proxecto está cualificada no proxecto sectorial como de uso empresarial e identificada dentro do ámbito I3b01, ao que corresponde a ordenanza 3B. No apartado 2.5.1. da memoria do proxecto básico achegado xustifícase o cumprimento dos parámetros da citada ordenanza do proxecto sectorial, coas variacións introducidas na súa modificación nº1 do proxecto sectorial. Por outra parte, a normativa urbanística do Parque



empresarial da Sionlla inclúe explicitamente o "uso docente-investigador" como un uso dotacional permitido, ademais das actividades industriais e outras, polo que conclúese que o proxecto resulta compatible co planeamento urbanístico vixente.



Plano de ordenación urbanística (Proxecto sectorial)

4.3. O proxecto xustifica que a actuación cumpre coa normativa do dito Proxecto Sectorial, tanto no uso (dotacional de investigación) como nos parámetros edificatorios. A continuación inclúese unha táboa resumo dos parámetros urbanísticos do proxecto e da normativa:

Parámetro	Modificación Puntual nº 1 Do Proxecto Sectorial Do Parque Empresarial de Santiago de Compostela (A Sionlla)	Proyecto de ejecución CESGA
Ordenanza	Ordenanza 3. Edificación semi adosada	Ordenanza 3. Edificación semi adosada
Ámbito	I3b01	I3b01
Variante de Ordenanza	3.B	3.B
Definición	Nave de tamaño medio con ocupación parcial de la parcela	Nave de tamaño medio con ocupación parcial de la parcela
Alineación	Indicada en los planos de ordenación	Según planos de ordenación del Proyecto Sectorial
Línea de edificación obligatoria	Representada en los planos de ordenación	No obligatoria, al ser una única parcela, con edificación proyectada no adosada a ningún lindero lateral
Retranqueos mínimos	10 m a frente y fondo de parcela; 5 m a linderos laterales (si $\geq 6.000 \text{ m}^2$)	10 m al frente; $>10 \text{ m}$ al fondo; 5 m al lindero lateral izquierdo; 25,70 m al lindero lateral derecho
Parcela mínima	2.000 m^2	Superficie de parcela: $9.178,00 \text{ m}^2$
Parcela máxima	No se considera	—
Frente mínimo	20 m	70,45 m
Altura máxima	12 m; hasta 3 plantas sobre rasante	9,90 m - N.º plantas: Baja + 1 (L1: +0,00m, L2: +4,25 y L3 +5,55)
Edificabilidad máxima	$1,1 \text{ m}^2/\text{m}^2$ ($9.178 \text{ m}^2 \times 1,1 = 10.095,80 \text{ m}^2$ construídos)	$0,295 \text{ m}^2/\text{m}^2$ ($2813,3 \text{ m}^2$ construídos)
Usos permitidos	Usos industriais; garaxe, servizos do automóbil e talleres; usos dotacionais de docencia-investigación e servizos urbanos (excepto atención directa ao público)	Uso Dotacional Investigación
Usos prohibidos	Todos los demás	Todos los demás
Espacios libres interiores	Se destinarán a aparcamiento e espazos libres	Aparcamiento e espazos libres
Plazas de aparcamiento en parcela	2 plazas / 150 m^2 construídos de uso terciario o dotacional	$2813,3 \text{ m}^2 \times 2 / 150 = 37$ plazas previstas



4.4. Con respecto á normativa sectorial, o proxecto informado favorablemente pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a súa remisión á Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, contén apartados na súa memoria sobre as condicións esixibles de seguridade en caso de incendios, seguridade de utilización e accesibilidade, salubridade, protección fronte ao ruído, etc.

5. COMPATIBILIDADE COAS DETERMINACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

5.1. Os instrumentos de ordenación do territorio que concorren na parcela son as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT), aprobadas polo *Decreto 19/2011, de 10 de febreiro* (DOG do 22/02/2011); o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia (PSEGA) aprobado definitivamente o 30/04/2014 (DOG do 28/05/2014); e o proxecto sectorial aprobado o 07/06/2007, xunto coa súa modificación nº 1 aprobada definitivamente o 18/03/2021.

5.2. O parque empresarial da Sionlla, xa rematado, inclúese no PSEGA como área empresarial en funcionamento, rexéndose polos instrumentos de desenvolvemento xa indicados anteriormente.

5.3. Con respecto ás DOT, non se advirte incompatibilidade con ningunha das súas determinacións, incluíndose entre a documentación achegada a análise de compatibilidade estratéxica (ACE) que se indica no artigo 79.1.c) do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*, fundamentada na adecuación do uso do solo, o compromiso inherente do CESGA coa sustentabilidade e a eficiencia enerxética, e a significativa contribución do proxecto ao desenvolvemento económico e social da rexión, o que se considera axeitado.

6. CONCLUSIÓN

En atención ao exposto e á vista do informe favorable da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional do 14.10.2025, en cumprimento do previsto no artigo 80.5 do *Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial*, e de conformidade co informe-proposta da Subdirección Xeral de Urbanismo e da Subdirección Xeral de Apoio Xurídico e Xestión Económica, elévase ao Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo o Proxecto Estratéxico de Iniciativa Pública do edificio Datacenter do CESGA, no parque empresarial da Sionlla, no Concello de Santiago de Compostela.

